



Recomendación dirixida á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que nas bases reguladoras das vindeiras convocatorias de axudas de apoio á formación do persoal investigador, se regulen con claridade os efectos da suspensión dos contratos – coa consecuente interrupción e prórroga do prazo de execución da axuda correspondente ao tempo de suspensión–, e se adopten as medidas e os instrumentos xurídicos necesarios para equiparar ao persoal investigador que teña permisos de paternidade/maternidade co resto dos seus compañeiros.

Expedientes: D.3.Q/2910/20; D.3.Q/2917/20

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2020

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciáronse expedientes de queixa como consecuencia dos escritos de Dona [REDACTED], referentes á súa exclusión da prórroga dos programas de RRHH autonómicos afectados polo estado de alarma que a anterior Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional fixo pública nunha nota informativa do día 30 de abril de 2020 (<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/30951>).

ANTECEDENTES

Nos seus escritos, esencialmente, indicánnos que quedaron excluídas da mesma catro persoas pertencentes á convocatoria posdoutoral modalidade A do ano 2016 (Orde do 18 de febreiro de 2016, DOG núm. 44, do 4 de marzo), tres delas pertencentes á Universidade de Vigo e outra que pertence á Universidade de Santiago de Compostela.

Estas catro persoas obtiveron una axuda de apoio á etapa de formación posdoutoral modalidade A da Xunta de Galicia dentro da convocatoria do ano 2016 (Orden do 18 de febreiro de 2016). A concesión se reflexou na resolución do 17 de xuño de 2016. Dita axuda

cubría un período de 3 anos o cal é requisito imprescindible para solicitar unha axuda posdoutoral da modalidade B.

En síntese, a situación producida foi a seguinte:

1.- Nas axudas posdoctorais da modalidade B do ano 2019 (Orden do 28 de maio de 2019), no art. 2: *Requisitos*, do anexo II establecía:

As persoas que contraten as distintas entidades con cargo a estas axudas deberán cumprir na data límite de presentación de solicitude os seguintes requisitos:

a) Ter sido seleccionado na modalidade A da convocatoria de 2016 da etapa inicial de formación posdoutoral ou na convocatoria de 2014 e que, por circunstancias especiais se lle concedera o aplazamento da avaliación.

b) Que tiveran finalizado o contrato.

c) Que obtivesen una avaliación positiva no devandito programa.

2.- Os catro investigadores disfrutaron de permisos de maternidade/paternidade durante a axuda posdoutoral segundo contempla a normativa legal vixente (LO 3/2007, de 22 de marzo; Real Decreto-ley 6/2019, de 1 de marzo). Xa que logo, non cumprían o requisito b (pola extensión dos contratos debida ás baixas de maternidade/paternidade), situación contemplada pola Xunta de Galicia que permite solicitar ao ano seguinte a todas as persoas que xustifiquen a prolongación do contrato por baixas de paternidade/maternidade.

3.- Para evitar este longo periodo que quedarían sen contrato, en xullo de 2019 os vicerreitores/as de Investigación das Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela solicitaron á Xunta de Galicia unha solución ao problema do atraso na avaliación final de aquelas persoas que non remataron os seus contratos ao ter disfrutado de permiso de maternidade-paternidade, dado que este motivo os deixaría moitos máis meses sen contrato que naqueles casos nos que non houbera baixas. O obxecto era *“dar continuidade ás liñas investigadoras do persoal beneficiario da axuda posdoutoral da modalidade A da convocatoria 2016 ata que se resolva a convocatoria da modalidade B do ano 2019, que ten como obxectivo dar continuidade á súa carreira investigadora posibilitando un perfeccionamento na súa formación e o establecemento dunha liña de investigación propia que lles permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria. O fin é de asegurar o desenvolvemento dos seus proxectos de investigación e atender a aqueles investigadores e investigadoras desta mesma convocatoria que non remataron os seus contratos ao ter disfrutado de permiso de maternidade/paternidade para que se poidan presentar na vindeira convocatoria **nas mesmas condicións que o resto de persoas candidatas**”*.

4.- No momento de presentación das súas queixas, atopábanse contratados baixo o epígrafe da obra ou servizo *"Continuación da actividade desenvolvida ao amparo do contrato de*

acceso ao SECYT iniciado 30/06/2018" no marco da actividade "Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional e as Universidades Galegas para a contratación dos investigadores contratados ao abeiro da orde para a formación posdoutoral A de 18 de febreiro de 2016".

No convenio non consta unha data concreta de finalización dos contratos, e se fixou o 30 de xuño de 2020 porque esta é a data na que finalizaban os investigadores que concorrían á seguinte convocatoria dos contratos posdoutorais, modalidade B, cos que se lles pretendía equiparar.

5.-Na data do 30 de abril de 2020, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publicou unha nota informativa na que sinala que *"Na actualidade, o actual estado de alarma, sumado ao peche de instalacións nas universidades galegas, condiciona de maneira importante o desenvolvemento destes programas"*.

Por elo, estableceu os mecanismos necesarios para, segundo o primeiro principio da nota informativa: *Os programas formativos de Recursos Humanos promovidos pola Consellería **estenderanse con carácter xeral por un período de 6 meses**. Para tal fin a Consellería publicará as modificacións que sexan precisas das ordes que os regulan no Diario Oficial de Galicia e ampliará o financiamento para que as universidades procedan coa extensión dos contratos que se poidan acoller a esta medida.*

No principio 3 expón: *Os procesos **de avaliacións intermedias e finais dos programas** que así o requiran adaptaranse a esta nova situación. Para tal fin iranse publicando as oportunas instrucións que os regulen.*

E no principio 6: *No caso especial das convocatorias de Posdoutorais de 2020. (...) Modalidade B. De permitilo as circunstancias, prevese realizar unha convocatoria de tramitación anticipada na anualidade do 2020 que se resolvería a principios do ano 2021.*

Porén, estes catro investigadores non puideron acollerse a esta prórroga que só afectaba aos programas formativos de convocatorias públicas da Xunta, entendendo que os seus contratos actuais (vixentes daquela ata o 30 de xuño de 2020), pertencían, por tanto, a un convenio de reforzo entre a Xunta e as universidades galegas.

6.- A avaliación das persoas contratadas ao abeiro da Orde do 18 de febreiro de 2016 foi iniciada pola Instrución 1/2019, da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, e o resultado foi recollido na Resolución do 1 de agosto de 2019. Sen embargo, estas persoas investigadoras non foron sometidas a avaliación nese momento por non ter finalizado o contrato debido a baixas e permisos de maternidade.

O día 8 de maio de 2020, a Xunta de Galicia publicou a Instrución 1/2020 da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Investigación para iniciar o procedemento de avaliación do rendemento do persoal investigador pendente de avaliación contratado ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, Modalidade A, para o ano 2016. Esta instrución tiña por obxecto iniciar o procedemento que permitira a avaliación establecida no artigo 6 do anexo I da Orde do 18 de febreiro de 2016 das persoas investigadoras contratadas no Programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, da convocatoria de 2016, que finalizaron o seu contrato posdoutoral A da convocatoria de 2016 e que aínda non foran avaliadas.

7. No curso deste procedemento tres investigadoras, dúas delas promotoras destes expedientes de queixa, acadaron avaliación positiva, puidendo presentarse á vindeira convocatoria da Modalidade B que, segundo especifica a Nota Informativa “de permitilo as circunstancias se resolvería a principios do 2021”. Do mesmo xeito, os seus contratos quedaron prorrogados ata o vindeiro 30 de outubro por mor dun novo convenio. As demais persoas coas que competirán na Modalidade B teñen os seus contratos prorrogados ata decembro de 2020 e teñen a posibilidade de impartiren docencia.

Ante iso, solicitamos informe á Universidade de Vigo e á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. A esta consellería requiríuselle información nas datas do 12 de maio e do 28 de maio para cadanseu dos expedientes. Na data do 8 de setembro, rexistrouse un oficio da consellería no que manifestaba que coa data do 14/08/2020 e a través da oficina do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia situada en Santiago de Compostela, recibíuse un escrito en papel procedente do Valedor do Pobo (Saída núm 8831/2020) no que se require un informe relativo ao expediente de queixa iniciado a instancia dunha das investigadoras (identificado co número D.3.Q/2917/20), e se indica que o devandito informe xa fora solicitado a esa Administración con data do 12/05/2020 e do 29/06/2020. Porén a consellería comunica que, a diferenza do actual requerimento, na Consellería non consta a recepción da solicitude inicial do 12/05/2020, nin tampouco o seu adianto por correo electrónico. Do mesmo xeito, tampouco consta a recepción do requerimento do 29/06/2020, aínda que si se recibiu a mensaxe que esta institución adiantou por correo electrónico como antesala da súa recepción formal posterior. En conclusión, a consellería, que admitiu recibir un requerimento por correo electrónico o día 29 de xuño, non comunicou a esta institución que non tiña constancia do expediente a que se refería, e só tras o segundo requerimento realizado o 14 de agosto, contesta en setembro que non ten coñecemento do asunto ao que se refire.

Sen embargo, coa información que se acadou da Universidade de Vigo e da resposta dada pola Secretaría Xeral de Universidades á presidenta de InvestiGal (Rede Galega pola

Investigación) a unha carta na que se plantexaba este problema, temos o coñecemento preciso da posición da administración neste problema.

A urxencia dos prazos pola falta de colaboración da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional leva a ter que formular unha resolución sobre a base do seguinte

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da universidade e no escrito remitido polo secretario xeral de Universidades, cómpre facer as seguintes consideracións:

1.-A razón que deu lugar a un trato diferenciado a estas tres investigadoras respecto aos outros investigadores dos programas formativos de RRHH da Xunta de Galicia é, exclusivamente, a interrupción dos seus contratos da Modalidade A por mor dos seus permisos de maternidade. O simple feito da xestación, o maternidade e, no seu caso, o permiso de lactancia destas persoas investigadoras, determinou a suspensión dos seus contratos, un distinto prazo de finalización e, como consecuencia, a imposibilidade de ser avaliadas e concorrer á convocatoria da Modalidade B xunto cos seus compañeiros no ano 2019. Pero determinou tamén a falta de continuidade dos seus programas formativos ao no estar previstos na convocatoria os mecanismos que asegurasen esta continuidade na súa situación contratual e no seu procedemento de avaliación final para que se puideran presentar na vindeira convocatoria nas mesmas condicións que o resto de persoas candidatas. Isto supón unha discriminación obxectiva e unha vulneración dos principios de igualdade de trato e de igualdade de oportunidades.

2.- O artigo 16 da Orde do 18 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria. contempla as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade e establece que suspenderán o cómputo da duración do contrato. A norma establece que cando se produza a suspensión do contrato pola concorrencia dalgunha destas situacións, as entidades beneficiarias poderán solicitar a interrupción e a prórroga do prazo de execución da axuda correspondente ao tempo de suspensión, no prazo de 10 días hábiles desde que esa baixa se produza. A interrupción e a prórroga a que se fai referencia deberá ser autorizada polo órgano concedente correspondente, que poderá solicitar os informes que considere oportunos e dar lugar á modificación dos termos da concesión mediante unha nova

resolución. A duración do contrato verase ampliada por un período idéntico ao da interrupción, para os efectos previstos nesta convocatoria.

Porén, a orde de convocatoria das axudas non prevé a corrección dos supostos nos que as baixas orixinen unha duración dos contratos que impida ao persoal investigador que desfrute permisos de paternidade/maternidade seren avaliados nos mesmos prazos e concorrer, no seu caso, á convocatoria da modalidade B en igualdade de condicións que os demais investigadores. Isto é, a convocatoria prevé a suspensión e a prórroga pero non arbitra os mecanismos para garantir a permanencia como posdoutorais A ata a seguinte convocatoria da modalidade B.

3.- Na resposta dada polo secretario xeral de Universidades á presidenta de InvestiGal (Rede Galega pola Investigación) a unha carta na que se plantexaba este problema, o secretario xeral sinala que *"nos catro casos concretos aos que se fai mención, teñen un contrato por obra ou servizo da universidade, financiado, mediante convenio, pola Xunta de Galicia. O contrato posdoutoral, ao amparo da convocatoria da Xunta, xa rematou no seu momento. Polo tanto, non se pode considerar legalmente a permanencia como posdoutoral A na actualidade. O sentido, tanto do convenio como da prórroga, era non interromper o traballo destas catro persoas e que unha maternidade ou paternidade non prexudicara a súa capacidade investigadora, podendo competir en igualdade de condicións para acceder á modalidade B."*

A consecuencia dista moito deste obxectivo. Conseguiuse que os proxectos e as liñas de investigación non se interrompíran, pero non se conseguiu garantir a continuidade dos seus programas formativos. De feito, precisamente por isto, a Xunta de Galicia tivo que recorrer a outros instrumentos xurídicos que poideran paliar esta discriminación:

-Inicialmente, o contrato baixo o epígrafe da obra ou servizo *"Continuación da actividade desenvolvida ao amparo do contrato de acceso ao SECYT iniciado 30/06/2018"* no marco da actividade *"Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional e as Universidades Galegas para a contratación dos investigadores contratados ao abeiro da orde para a formación posdoutoral A de 18 de febreiro de 2016"*.

-Despois, a Instrución 1/2020 da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Investigación para iniciar o procedemento de avaliación do rendemento do persoal investigador pendente de avaliación contratado ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2016. Esta instrución foi un procedemento *ad hoc* para avaliar a estas investigadores, obtendo a tres avaliación positiva.

-Á vista disto, un novo convenio coas universidades prorroga a financiación dos seus contratos ata o 30 de outubro, froito dunha reivindicación permanente deste persoal investigador. Aínda así, a igualdade de oportunidades cos candidatos da modalidade B na videira convocatoria non existe pois os seus contratos rematarán dous meses antes e non poden incluír créditos docentes no seu CV.

En tódalas súas convocatorias a Xunta de Galicia busca reducir o desequilibrio entre homes e mulleres dedicados á investigación nas tres universidades galegas. Porén, as medidas correctoras para garantir á igualdade das mulleres na actividade científica esixen un maior esforzo. A resposta do secretario xeral de Universidades remata cunha declaración de intencións: *Non temos dúbida de que queda moito por facer e estamos abertos a calquera mellora adicional, que se debería adoptar sempre en colaboración e coordinación coas universidades galegas, que posúen as súas propias oficinas de igualdade, desde as que nunca se nos requiriron maiores esforzos que os xa realizados.*

Esta pandemia está a demostrar que a nosa firme aposta polo reforzo da investigación universitaria tiña a súa razón de ser e, aínda que os tempos que veñen se presentan incertos e complicados, seguiremos a apoiar as estruturas de investigación do SUG e seremos os primeiros en colaborar para eliminar situacións de discriminación, favorecer a igualdade de xénero e a conciliación.

Esta institución comparte plenamente estes obxectivos e considera preciso requirir da Secretaría Xeral de Universidades un maior esforzo co fin de garantir, non só a continuidade dos proxectos e das liñas de investigación nas que traballan estes investigadores senón a continuidade dos seus programas formativos de RRHH que son a vía principal de avance e consolidación da súa capacidade investigadora.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a seguinte **suxestión**:

Que nas bases reguladoras das vindeiras convocatorias de axudas de apoio á formación do persoal investigador, se regulen con claridade os efectos da suspensión dos contratos coa consecuente interrupción e prórroga do prazo de execución da axuda correspondente ao tempo de suspensión, e se adopten as medidas e os instrumentos xurídicos necesarios para equiparar ao persoal investigador que teña permisos de paternidade/maternidade co resto dos seus compañeiros, asegurando a continuidade, non só dos seus proxectos de investigación, senón a continuidade dos seus programas formativos, garantindo unha total

igualdade de oportunidades, tanto nos períodos de avaliación, cando correspondan, como nas condicións dos seus contratos para acceder á convocatoria da modalidade B.

E a seguinte recomendación:

Que á vista da avaliación positiva das tres investigadoras ás que se refire á Resolución da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Investigación do pasado mes de xullo, pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador pendente de avaliación, se prorroguen os tres contratos nos mesmos termos e prazos previstos na nota informativa do día 30 de abril de 2020, por derivar esta prórroga da necesidade de paliar os prexuízos do impacto da COVID-19 na actividade investigadora financiada pola consellería e, por tanto, por afectar non só aos programas formativos de RRHH senón tamén ás situacións contratuais que derivan deles, como o caso do actual convenio que financia as prórrogas destes tres contratos ata o 30 de outubro.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as

súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo